

Un ramiño de violetas

Paula Martínez Busto

As pingas repenicaban ao golpear na miña lápida, como se quixesen solidarizarse coas bágoas vertidas por tantas faces.

Mamá, papá, as cativas, toda a familia alí reunida para darme a última despedida.

“María, 37 anos, a túa familia non te esquece”.

Nin dez palabras para resumir o meu paso polo mundo.

Curta existencia pero intensa.

O primeiro golpe doeume tanto como o último, aínda que este fose o que acabase coa miña vida. Cando notei a calor ardente no meu rostro por primeira vez, sentín máis vergoña que dor, un sentimento de culpabilidade: algo tiña que ter feito mal para merecelo.

A partires dese intre, puxen todo o meu ímpeto en ser a parella perfecta, a nai perfecta, mesmo deixei o meu traballo para centrarme nos coidados da familia. Mais axiña me decatei de que non era perfecta. As repetidas malleiras recibidas para “desbravar á fera” non facían máis que minguarme como persoa. Pouco a pouco, foise esgotando a mecha da miña candeia ata que cheguei a perder totalmente a miña personalidade. Xa non sabía o que me gustaba. Simplemente facía aquilo que sabía que non ía espertar a saña do meu agresor.

A gran malleira chegou o día que anunciei as miñas intencións de reincorporarme ao mercado laboral pois as meniñas xa estaban escolarizadas. Ironicamente, o meu golpe de estado frustrado rematou cun golpe na testa. Tras 4 días de agonía para min e para os meus, pero para sorte do meu agresor, a morte tinguiu o seu velo negro sobre a habitación 504 daquel hospital e aforroulle o trámite de terme que rematar noutra ocasión.

Aproxímaste paseniño e deixas un ramiño de violetas sobre a miña sepultura.

As flores están vívidas, frescas e aínda poido percibir o seu cheiro baixo terra.

Os días pasan, as visitas ao cemiterio espázanse , as flores murchan e convértense en po fino movido polo vento cuxo bourar, novamente, agocha o pranto das choradeiras.

“Rebeca, 44 anos, sempre con nós”.

Unha historia que se repite, un círculo que non se rompe.

Mudámolo?